

LIÑA DO PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO: Competencia comunicativa. Programas de plurilingüismo e internacionalización.

Folla de OBSERVACIÓN FOCALIZADA

Mestre observador: Norberto Blanco Dorrío

Mestre observado: José Manuel Rego García

Curso e área: 6º E. Primaria, plástica

Data e hora: 03 marzo 2023. // 13:10 – 14:00

DOCENTE OBSERVADO	COMENTARIOS
É puntual no inicio da sesión?	Si, o mestre xa está na aula e o cambio de área é áxil e sinxelo.
Emprega a lingua castelá como lingua vehicular na aula?	Si
Ten o material necesario para a sesión?	Si, ao final da aula.

É preciso no uso do vocabulario?	Preciso e curto, sen adornos.
Da instrucións claras aos alumnos/as?	Moi claras, cadaquén sabe a parte da tarefa que ten que desenvolver.

ORGANIZACIÓN DA AULA	
Nº de alumnos/as	10
Espazos definidos na aula	O material a empregar e onde levarán a tarefa conxunta noutras sesións, ao final da aula. A tarefa por parellas na busca de información nesta sesión, nas mesas ordinarias da clase.
Materiais adicionais aos ordinarios da aula	Láminas, cartóns e ordenadores portátiles para a busca de información.
Situación do mestre con respecto aos alumnos/as	Movéndose entre as parellas para guiar o seu traballo e solucionar dúbidas. Está máis tempo preto da parella na que hai un alumno TEA.

OBSERVACIÓN AO INICIO DA SESIÓN	
Presenta aos alumnos/as ao mestre observador?	Case de pasada, xa me coñecen e é como se non estivera.
Activa os coñecementos previos do alumnado?	Lémbralles o propósito da tarefa nas estadías iniciais e os pasos a seguir.
Presenta os materiais a usar na sesión?	Moi pouco, xa os coñecen.
Explica de xeito claro as tarefas a desenvolver na sesión?	Reparte as tarefas e deixa que eles/as se organicen libremente e en función das tarefas a realizar. O alumno con TEA forma parella con un alumnos que lle aporta máis tranquilidade.

OBSERVACIÓN DURANTE A SESIÓN	COMENTARIOS
O mestre emprega a lingua castelá en toda a sesión?	Si.
Que lingua empregan os alumnos/as de xeito natural?	Lingua castelá, son castelán falantes.
Que lingua empregan os alumnos/as no desenvolvemento da actividade?	Lingua castelá.
É precisa a repetición de palabras ou frases a ritmo máis lento?	Non especialmente, ás veces para reconducir a actividade, pero non por dificultade na comunicación. Ao alumno con TEA as indicacións combinan palabras con xestos.
As instrucións dadas polo mestre son sinxelas e precisas?	Moito, e tamén as imprescindibles. Observo nesta brevidade a intención de aprendizaxe autónomo e que a comunicación sexa entre iguais.
O mestre actúa a xeito de guía?	Completamente, incluso como observador da actividade comunicativa e de traballo na tarefa asignada.
Cal é o rol do alumno/a na actividade?	Activo e de completa autonomía para tomar decisións, chegar a acordos e responsabilizarse da tarefa asignada.
As actividades propostas son produtivas?	A nivel comunicativo completamente, teñen que dialogar para chegar a acordos, para axudarse entre eles/as na busca de información, para rematar a tarefa. A nivel da área, tamén, o produto final será a elaboración do kamishibai, estando nesta sesión nos seus inicios.

Algúns dos materiais empregados foron xerados con anterioridade ou proceden do refugallo?	Os cartóns proceden de refugallo da escola, outros son novos, facilitados polo colexio e outros propios dos alumnos/as.
Os tempos dados para as tarefas foron suficientes?	Penso que si, nesta sesión na que tiñan que organizar o traballo e buscar información.
Úsanse medidas de atención á diversidade?	Si, para o alumno TEA establécese o grupo ou parella na que está máis cómodo e as explicacións son máis visuais que verbais.
O alumnado pasa de traballo en gran grupo a parellas ou pequeno grupo sen dificultade?	Na sesión de hoxe pasouse do gran grupo ao traballo por parellas sen dificultade, cambiando incluso de parella sen ningún problema tras un diálogo entre iguais.
Os alumnos/as son quen de organizarse de xeito autónomo con escasa participación do mestre?	Si, asómbreme que algúns alumnos /as que adquiren o rol de organizadores, son quen de pasar a un rol máis pasivo tras un pequeno diálogo, todo elo sen intervención do mestre, máis alá do control de observador que adquire durante toda a tarefa.

OUTROS COMENTARIOS. EXEMPLOS

Observar como entre parellas con caracteres tan diferentes son quen de organizarse co tan pouca dirección do mestre, resulta asombroso. O rol do mestre, como persoa que está fora do grupo da conta da autonomía no traballo.

Por exemplo: Unha parella buscaba información no ordenador sobre a técnica do kamishibai, cada un argumentaba sobre as distancias para colocar as láminas. O mestre situado ao seu carón, escoitaba e non interviña, os alumnos/as non reparaban nel, no seu proceso de busca de información, de chegar a acordos, o mestre non era necesario neses intreos.